



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Bases didácticas da intervención logopédica		Código	652G04008	
Titulación	Grao en Logopedia				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Fernández Menor, Isabel	Correo electrónico	isabel.fernandez.menor@udc.es		
Profesorado	Fernández Menor, Isabel	Correo electrónico	isabel.fernandez.menor@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da intervención logopédica no ámbito do sistema educativo, a través da adquisición de coñecementos epistemolóxicos da pedagogía e a didáctica que sustenta a intervención educativa, así como do desenvolvemento de prácticas baseadas no uso de recursos didácticos para construír una intervención logopédica informada e comprometida coa optimización do acceso á aprendizaxe a favor da inclusión da diversidade que caracteriza o contexto educativo.</p> <p>Ao mesmo tempo quérese afondar na importancia do traballo colaborativo interprofesional, no que participan profesionais e axentes que desenvolven o seu quefacer dentro e/ou fóra da escola. Teñamos en conta que a complexidade de moitos dos problemas que presenta o alumnado arráiganse ou enrédanse nunha causística múltiple que esixe unha intervención globalizada, na que teñen que participar distintos profesionais, que deben traballar en cooperación para dar maior cobertura ás necesidades reais, que incluso chegando o traballo non so ó alumnado senón tamén á familia, sen solaparse, empregando metodoloxías que non sexan contraditorias entre si, evitando deste xeito distorsións na propia percepción do alumnado e favorecendo unha aprendizaxe significativa e útil na súa vida cotiá.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se abordarán están orientados ao estudo e análise da escola, da cultura e da sociedade; dos indicadores educativos para atender á diversidade na aula; de propostas didácticas na intervención logopédica e proxectos de traballo orientados á intervención educativa nas necesidades específicas de apoio educativo.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A4	Coñecer e integrar os fundamentos educativos da Logopedia: Procesos de ensino e aprendizaxe.
A16	Coñecer as características diferenciais da intervención logopédica nos ámbitos familiar, escolar, clínico-sanitario e asistencial.
A22	Saber deseñar, programar e avaliar a actuación logopédica.
A23	Coñecer, aplicar e valorar criticamente as técnicas pedagóxicas, así como os recursos metodolóxicos e didácticos para o ensino da linguaxe.
A25	Coñecer a organización de institucións educativas, sanitarias e sociais.
A28	Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares, clínico-sanitarios e asistenciais).
A29	Adquirir a formación práctica para o traballo individual, grupal, cooperativo e de mediación con facilitador.
A30	Coñecer a actuación profesional e os contornos onde se desenvolve a práctica.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B3	Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.
B4	Aprender a aprender.
B7	Capacidade de análise e síntese.
B9	Capacidade de organizar e planificar.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B14	Destreza e empatía nas relacións interpersoais.



B15	Poñer en valor a súa profesión no contorno en que desenvolve o seu traballo.
B22	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B23	Traballar de forma colaborativa.
B24	Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comprender o carácter interrelacional da intervención logopédica no marco do sistema educativo segundo a súa estrutura e funcionamento.	A16 A25 A29	B15	C4
Adquirir unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa en conexión cos obxectivos socio-educativos propostos.	A4	B1 B3	
Comprender e reflexionar sobre a importancia da inclusión da diversidade que caracteriza as aulas educativas.	A4 A16	B3	
Coñecer e manexar criticamente as principais cuestións pedagóxicas e recursos didácticos que permitan desenvolver unha intervención logopédica informada dende unha perspectiva educativa holística e ecolóxica, comprometida coa optimización do acceso á aprendizaxe e do potencial comunicativo de todos/as e cada un/ha dos destinatarios/as da súa labor.	A4 A22 A23 A28	B1 B4 B7 B9 B12	C3 C6
Asumir a importancia dunha profesionalidade adecuada ó ámbito logopédico no contexto escolar, valorando a importancia da investigación como ferramenta imprescindible para o coñecemento.	A29 A30	B3 B11 B14	C7
Apreciar as implicacións do desenvolvemento logopédico a nivel individual e colectivo das persoas con necesidades específicas de apoio educativo.	A29	B3 B22 B23 B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I. Escola, cultura e sociedade.	<ul style="list-style-type: none"> - Interrelacións entre sociedade, cultura e escola. - A escola como camiño cara a igualdade e a inclusión social. - Organización e estrutura do centro educativo. - Outras institucións e profesionais que colaboran coa escola.
MÓDULO II. Indicadores educativos para atender á diversidade na aula.	<ul style="list-style-type: none"> - Modelos de atención á diversidade en contextos escolares: NEE e NEAE. - A xestión da atención á diversidade.
MÓDULO III. Propostas didácticas na intervención logopédica.	<ul style="list-style-type: none"> - A colaboración inter/trans-disciplinar como resposta integral ás necesidades educativas do alumnado. - Estratexias didácticas para a inclusión educativa: Metodoloxías activas de E-A. - Ámbitos de actuación das/os profesionais da Logopedia no sistema educativo.
MÓDULO IV. Proxectos de traballo en torno ás necesidades específicas de apoio educativo.	<ul style="list-style-type: none"> - Propostas educativas para unha logopedia inclusiva.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A16 A23 A25 A30	21	10	31
Traballos tutelados	A22 A28 A29 B3 B4 B7 B9 B14 B22 B23 B24 C3	10	36	46
Portafolios do alumno	A4 A16 A23 A25 A29 B1 B11 B12 B15 B23 B24 C3 C4 C6 C7	4	16	20
Proba mixta	A4 A16 A25 A30	2	45	47
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Nas sesións maxistras traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>
Traballos tutelados	<p>Ao longo do cuadrimestre proporase un traballo en torno ao contido do temario que deberá fundamentarse coa bibliografía básica e complementaria da guía e con outra seleccionada polo profesorado e/ou polo estudantado.</p> <p>A súa realización iniciarase na aula e completarse mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións proporcionadas a través da atención personalizada da profesora.</p>
Portafolios do alumno	<p>Mediante esta metodoloxía trataranse diversos temas orientados a que o alumnado reflexione sobre cuestións clave da materia co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade da intervención logopédica no ámbito educativo.</p>
Proba mixta	<p>A proba mixta constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos tratados mediante as diferentes metodoloxías de traballo empregadas no desenvolvemento da materia.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Sesión maxistral Portafolios do alumno	<p>1. As dúbidas e demandas de orientación que xurdan das sesións expositivas e interactivas, lecturas, actividades, realización da proposta de intervención e preparación do exame, serán atendidas pola profesora da materia durante o horario de tutorías fixado de forma oficial.</p> <p>2. De maneira máis específica, e no marco das sesións interactivas, a profesora ofrecerá atención personalizada mediante a que levará o seguimento e orientación das actividades que se realicen ao longo do cuadrimestre.</p> <p>3. Como a realización do traballo tutelado é unha actividade principal na materia e ten un peso importante na avaliación desta, para a súa realización e correcto seguimento, cada grupo (ou alumno/a, de o realizar de maneira individual) deberá obrigatoriamente desenvolver -cando menos- unha tutoría, fóra do horario de docencia presencial da materia.</p> <p>4. Esta proposta de atención personalizada é extensible ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que faga uso de dita dispensa.</p> <p>5. Na 2ª oportunidade, os criterios de avaliación serán os mesmos que os propostos para a 1ª convocatoria.</p>
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A4 A16 A25 A30	A proba mixta consistirá no desenvolvemento de varias cuestións sobre os temas traballados na materia.	40
Traballos tutelados	A22 A28 A29 B3 B4 B7 B9 B14 B22 B23 B24 C3	<p>Para avaliar o traballo teranse en conta os seguintes aspectos:</p> <p>ELABORACIÓN (30%)</p> <ul style="list-style-type: none"> - estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical; - contido: comprensión de ideas básicas, dominio conceptual, uso das fontes traballadas no tratamento dos contidos ao longo do cuadrimestre e relacións entre eles. <p>EXPOSICIÓN (10%)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Relevancia e organización dos contidos expostos. - Coordinación da exposición (que reflecta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). - Nivel de comprensión dos contidos básicos. - Claridade expositiva. 	40
Portafolios do alumno	A4 A16 A23 A25 A29 B1 B11 B12 B15 B23 B24 C3 C4 C6 C7	<p>Portafolio de carácter grupal composto polas actividades propostas na materia asociadas a cada un dos temas, no que se recollerán os rexistros e/ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado.</p> <p>Valorarase a capacidade reflexiva en relación á propia aprendizaxe.</p>	20

Observacións avaliación



En aplicación da "Norma que regula el régimen de dedicación al estudio de los estudiantes de grado en la UDC " (aprobada en Consello de Goberno de 29 de maio de 2012), o alumnado ao que se lle teña recoñecida a condición de estudante a tempo parcial e teña solicitado ao decanato a correspondente dispensa académica, quedará eximido da obrigatoriedade de asistencia á parte das sesións ou o alumnado non presencial (cunha asistencia menor do 80%); non obstante, deberá entregar un traballo tutelado elaborado individualmente antes da data establecida para a realización do exame da materia. Cada unha das partes - exame e traballo tutelado - ponderará un 50% da nota final. É preciso superar ambas tarefas para superar a materia. Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados, portafolio e proba mixta). O traballo tutelado entregárase e expoñeráse na data que se indique. Para presentarse ao exame é condición indispensable ter presentados o traballo tutelado e o portafolio. As partes superadas na primeira convocatoria gardaranse ata a segunda convocatoria. De non superarse a segunda convocatoria será necesario repetir de novo a materia. A segunda oportunidade rexeráse polas mesmas condicións que a primeira. "A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederáse a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario".

Fontes de información

Bibliografía básica



Bibliografía complementaria	<p>Acosta, V.M. (2004). Las prácticas educativas ante las dificultades del lenguaje. Una propuesta desde la acción. La colaboración entre logopedas, psicopedagogos, profesores y padres. Barcelona: Ars Medica.</p> <p>Acosta, V. M. e Moreno, A. M^a. (2003). Dificultades del lenguaje, colaboración e inclusión educativa. Manual para logopedas, psicopedagogos y profesores. Barcelona: Ars Medica.</p> <p>Ainscow, M. (2001). Desarrollo de escuelas inclusivas. Madrid: Narcea.</p> <p>Ariza, M. A. e Trujillo, F. (2006). Experiencias educativas en aprendizaje cooperativo. Granada: Grupo Editorial Universitario.</p> <p>Barton, L. (1998). Discapacidad y sociedad. Madrid: Morata.</p> <p>Castro, M^a M; Zapico, H. e Rodríguez, J. (2007). Experiencias de trabajo entre escuela y comunidad en el contexto gallego. En M^a. M. Castro; G. Ferrer; M.F. Majado; J. Rodríguez; J. Vera; M. Zafra e M^a H. Zapico. La escuela en la comunidad: la comunidad en la escuela (pp. 139-177). Barcelona: Graó.</p> <p>Echeita, G. (2007). Educación para la inclusión o educación sin exclusiones. Madrid: Narcea.</p> <p>Gallardo, J. R. e Gallego, José L. (2003). Manual de logopedia escolar. Un enfoque práctico. Málaga: Aljibe.</p> <p>García, C. (1998). Una escuela común para niños diferentes: la integración escolar. Barcelona: EUB.</p> <p>Iglesias, M^a J. e Sánchez, M^a del C. (2007). Diagnóstico e intervención didáctica del lenguaje escolar. A Coruña: Netbiblotza.</p> <p>M. (2002). Recursos tecnológicos en Logopedia. Málaga: Aljibe.</p> <p>Moya, A. (2002). El profesorado de apoyo: ¿dónde?, ¿cuándo?, ¿cómo?...realiza su trabajo. Archidona: Ediciones Aljibe.</p> <p>Parrilla, Á. (2003). La Respuesta Educativa a la Diversidad. Bases Pedagógicas de la Educación Especial: Manual para la Formación Inicial del Profesorado. Madrid: Biblioteca Nueva.</p> <p>Pino, F. R. (2007). La cultura de las personas sordas. Conferencia signada no Observatori d'Ètica Aplicada a la Intervenció Social dentro dp Seminario Els Atres Prenen la Paraula. Consultado a 26/06/2015 en http://www.cultura-sorda.eu/resources/La+cultura+de+las+personas+sordas+Felisa+R.pdf</p> <p>Porras, R. (1998). Una escuela para la integración educativa: una alternativa al modelo tradicional. Sevilla: Morón.</p> <p>Stainback, S. e Stainback, W. (2001). Aulas inclusivas: un nuevo modo de enfocar y vivir el currículo . Madrid: Narcea.</p> <p>WEBGRAFÍA (DATA DE CONSULTA: 28/06/2018)</p> <p>Portal da Asociación Española de Logopedia, Foniatría y Audiología: http://www.aelfa.org</p> <p>Portal da Asociación de Logopedas de España: http://ale-logopedas.org/Portal ?Atención á Diversidade? da Xunta de Galicia: http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacionPortal ?Cultura Sorda?:</p> <p>http://www.cultura-sorda.eu/Portal do Foro de Vida Independiente y Divertad:</p> <p>http://www.forovidaindependiente.org/Portal de ?El logopeda sin recursos?:</p> <p>http://www.logopedasinrecursos.org/Portal de Orientación Educativa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD): http://ntic.educacion.es/w3/recursos2/orientacion/LEXISLACIÓN (DATA DE CONSULTA: 24/06/2018)</p> <p>Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE, suplemento en lingua galega ao número 295, de 10 de decembro de 2013)</p> <p>http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886-G.pdf</p> <p>Lei 3/2006, do 30 de xuño, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia (DOG nº 135, de 13 de xullo de 2006)</p> <p>http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei3_2006.pdf</p> <p>Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE suplemento en lingua galega nº 6, de 4 de maio de 2006)</p> <p>http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2006/05/15/pdfs/A00931-00978.pdf</p> <p>Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias (artigos II e VII sobre o establecemento da Logopedia como profesión e as súas funcións) (BOE, suplemento en lingua galega nº 14, de 24 de novembro de 2003)</p> <p>http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2003/11/24/pdfs/A02536-02551.pdf</p> <p>Real Decreto 334/1985, de 6 de marzo, de Ordenación de la Educación Especial (BOE nº 65, de 16 de marzo de 1985)</p> <p>http://ouad.unizar.es/documents/RealDecreto3341985de6demarzoDeOrdenaciondeLaEducacionEspecial..pdf</p> <p>Real Decreto 299/1996, de 28 de febreiro, de ordenación de las acciones dirigidas a la compensación de desigualdades en educación (BOE nº 62, de 12 de marzo de 1996)</p> <p>http://www.boe.es/boe/dias/1996/03/12/pdfs/A09902-09909.pdf</p> <p>Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (DOG nº 153, de 6 de agosto de 1996)</p> <p>http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19960806/Anuncio8E56_gl.html</p> <p>Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 79, de 27 de abril de 1998)</p> <p>http://www.xunta.es/Dog/Dog1998.nsf/FichaContenido/B17a?OpenDocument</p> <p>Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do curriculum nas ensinanzas de réxime xeral (DOG nº 213, de 7 de novembro de 1995)</p> <p>http://www.xunta.es/dog/Publicados/1995/19951107/Anuncio58F2_gl.html</p> <p>Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de</p>
------------------------------------	---



escolarización (DOG nº 247, de 19 de decembro de 1996)http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19961219/AnuncioC9A2_gl.html Orde do 19 de maio de 1997 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria (DOG nº 108, de 6 de xuño de 1997) http://www.xunta.es/dog/Publicados/1997/19970606/Anuncio717E_gl.html Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG nº 148, de 31 de xullo de 1998)http://www.xunta.es/dog/Publicados/1998/19980731/Anuncio107CA_gl.html Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG nº 20, do 30 de xaneiro de 2003)http://www.xunta.es/dog/Publicados/2003/20030130/Anuncio3CD6_gl.html



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Inclusión educativa e adaptación do currículo/652G04011

Observacións

"-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)-Traballarse para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas."

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías